



### CONCELLOS

#### MONFORTE DE LEMOS

##### *Anuncio*

#### **APROBACION PADRÓN FISCAL IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONOMICAS 2021 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 19.07.2021 aprobouse o padrón fiscal do imposto sobre actividades económicas do exercicio 2021.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exoranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei das facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 13 da Ordenanza xeral dos ingresos municipais de dereito público, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 17.08.2021 ata o 18.10.2021.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polos conceptos sinalados, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello [www.monfortedelemos.e](http://www.monfortedelemos.e)

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicarase as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 22 de xullo de 2021.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 2272

### PEDRAFITA DO CEBREIRO

##### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE XUÑO 2021**

.Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 8 de xullo de 2021 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de xuño de 2021, de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de xuño : 3813,67 €

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de agosto de 2021 e o 01 de outubro de 2021. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 22 de xullo de 2021.-O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2273

## O SAVIÑO

### *Anuncio*

#### **EXPOSICIÓN PÚBLICA E ANUNCIO DE COBRANZA**

Exposición pública do padrón de suxeitos pasivos (contribuíntes) polos conceptos de taxa de recollida de LIXO (urbán), TAXA POLO SERVIZO DE SUBMINISTRO DE AUGA DOMICILIARIA (incluído o canon da auga) e SUMIDOIRO correspondentes ao 1º bimestre do exercicio 2020, aprobado por Decreto de Alcaldía de data 16 de xuño do 2021.

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

O prazo de ingreso, en periodo voluntario, será o comprendido entre o 1 de xullo e o 20 de agosto de 2021, ámbolos dous inclusive. O ingreso do recibo farase en calquera oficina do Banco Santander.

Os recibos dos titulares que non teñan domiciliado o pago, serán enviados os seus respectivos domicilios para que fagan o ingreso. Para as persoas que teñan domiciliado o pago, o Concello remitirá o correspondente recibo á conta de domiciliación.

Vencido o citado prazo en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina que os recibos non pagados esixiranse pola vía administrativa de prema, coas recargas e xuros correspondentes, consonte co establecido nos artigos 161 de Lei Xeral Tributaria e 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación (RD 939/2005, de 29 de xullo).

No caso do canon da auga, según dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, a falta do seu pagamento no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

O Saviño, 16 de xuño 2021.- O alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2275

## **MINISTERIO DE FACENDA**

### **BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – VIVEIRO**

#### *Anuncio*

Titulo: BASES REGULADORAS Y CONVOCATORIA DE AYUDAS PARA EL IMPULSO DE LA ACTIVIDAD ECONÓMICA EN EL TÉRMINO MUNICIPAL DE VIVEIRO, PARA PALIAR LOS EFECTOS DEL COVID-19. EJERCICIO 2021

Texto: BDNS (Identif.):576752

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/576752>)

LÍNEA DE AYUDAS PARA AUTÓNOMOS, MICROEMPRESAS, PEQUEÑAS EMPRESAS, COMUNIDADES DE BIENES, SOCIEDADES CIVILES O ENTIDADES ECONÓMICAS EMPRESARIALES SIN PERSONALIDAD JURÍDICA, RADICADAS EN EL AYUNTAMIENTO DE VIVEIRO Y QUE TUVIESEN UNA BAJADA DE FACTURACIÓN DE, AL MENOS, EL 50 % EN EL EJERCICIO 2020 RESPECTO DEL EJERCICIO 2019, O, EN EL CASO DE APERTURA EN EL PRIMER TRIMESTRE DE 2020, BAJADA DE FACTURACIÓN DE AL MENOS EL 50% EN LOS SUCEIVOS TRIMESTRES DEL 2020 RESPECTO AL PRIMERO.

Viveiro, 21 de julio de 2021.- La alcaldesa, MARÍA LOUREIRO GARCÍA.

R. 2276

---

## MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

### CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

*Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

**A/27/34518**

La Consellería de Infraestructuras e Mobilidade de la Xunta de Galicia, con N.I.F. \* \*\*1100\*\*, solicita autorización para efectuar obras dentro de la Zona de Policía de Cauces y sobre el Dominio Público Hidráulico.

Las obras consistirán en la ejecución del proyecto "Conversión do Corredor Nadela-Sarria. Treito Pobra de San Xiao-Sarria Centro. P.Q. 13+500-24+000. Septiembre 2019. Clave LU/17/005.01", en los TTMM de O Páramo y Sarria (Lugo).

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto el expediente de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email [registro.lugo@chminosil.es](mailto:registro.lugo@chminosil.es)

Lugo, 22 de julio de 2021.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2277

---

*Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

**A/27/35793**

El Ayuntamiento de Guitiriz, con C.I.F. \* \*\*0220\*\*, solicita autorización para efectuar obras dentro de la de la Zona de Policía de Cauces y sobre el Dominio Público Hidráulico.

Las obras consistirán en la instalación de una obra de paso sobre el Rego Blanqueño, en el lugar de Baxoi, parroquia de Trasparga (Santiago), T.M. de Guitiriz (Lugo)

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email [registro.lugo@chminosil.es](mailto:registro.lugo@chminosil.es)

Lugo, 22 de julio de 2021.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2278

---

**MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA**  
**ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS (ADIF)**

*Anuncio*

Anuncio do ADIF polo que se somete a información pública a efectos de declarar a necesidade de ocupación o "Proyecto constructivo de supresión del Paso a Nivel P.K. 393/993 de la línea Palencia - A Coruña. Término Municipal de Sarria (Lugo)".

En cumprimento dos artigos 18 e 19.1 da Lei de Expropiación Forzosa do 16 de decembro de 1954 e artigos concordantes do seu Regulamento (decreto do 26 de abril de 1957) ábrese un período de información pública de quince días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, sobre a relación de bens e dereitos afectados pola execución das obras definidas no proxecto de referencia, có obxecto de que calquera persoa poida aportar por escrito os datos oportunos para rectificar posibles erros da relación que se publica neste anuncio ou opoñerse, por razón de fondo ou forma, á necesidade de ocupación.

Con tal motivo, a documentación de expropiacións do mencionado proxecto pode ser examinada, en días e horas hábiles de oficina na Subdelegación do Goberno en Lugo (Rúa Armanyá, nº 10, 27001, Lugo), na Subdirección de Pasos a Nivel de ADIF (Paseo del Rey, 32, 28008-Madrid), no Concello de Lugo (Plaza Maior, nº 1, 27001, Lugo), e en Información Pública do Portal de Transparencia da web de ADIF ([www.adif.es](http://www.adif.es)).

As alegacións que se formulen irán dirixidas á Subdirección de Pasos a Nivel de Adif (Paseo del Rey, 32, 28008 - Madrid), indicando como referencia "Información pública da declaración de necesidade de ocupación "Proyecto constructivo de supresión del Paso a Nivel P.K. 393/993 de la línea Palencia - A Coruña. Término Municipal de Sarria (Lugo)".

Asemesmo, para a presentación das alegacións, será posible facer uso do Rexistro Electrónico Xeral da Administración Xeral do Estado a través da seguinte dirección: <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>

Nº de FINCA	POLÍGONO / REF_CAT	PARCELA	Titular Actual	Expropiación (m2)	Servidumbre (m2)	Ocupación Temporal (m2)
			Nombre y Domicilio			
X-27.0575-0001	29	9027	Ayuntamiento de Sarria CL Mayor 14 Sarria (27600)	21	0	0
X-27.0575-0002	29	895	Arias Rodriguez Enrique AL Barbado Rañoa 3 Sarria (27600)	597	0	834
X-27.0575-0003	29	919	Moreira López Casiano LG Barbado 21 Sarria (27613)	632	0	0
X-27.0575-0004	29	1124	Desconocido	918	0	0
X-27.0575-0005	29	9023	Ayuntamiento de Sarria CL Mayor 14 Sarria (27600)	10	0	0
X-27.0575-0006	42	899	Desconocido	41	0	0
X-27.0575-0007	42	136	Arias Armesto, Eliseo (Herederos de) LG Barbado 23 Sarria (27616)	174	0	0
X-27.0575-0008	42	128	Moreira López Casiano LG Barbado 21 Sarria (27613)	902	0	0
X-27.0575-0009	42	129	Arias Armesto, Eliseo (Herederos de) LG Barbado 23 Sarria (27616)	632	0	811

Madrid, 14 de julio de 2021.- Ángel Contreras Marín, Director General de Conservación y Mantenimiento. ADIF

R. 2280